XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 15032807 | IES do Milladoiro | Ames | 2023/2024 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Educación secundaria obrigatoria | 2ª Lingua estranxeira - Portugués | 3º ESO | 3 | 105 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 4 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 6 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 19 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 21 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 22 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 22 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 24 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 24 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 26 |
| 7.2. Actividades complementarias | 26 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 27 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 29 |
| 9. Outros apartados | 30 |

## 1. Introdución

A presente programación didáctica ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022 do 15 de setembro de 2022.
Consecuentemente, as unidades didácticas que a desenvolven procuran deseñar situacións de aprendizaxe con valor competencial.
Cómpre destacar de inicio que esta programación, en todos os seus aspectos, pero particularmente no referente a contidos mínimos impartidos e esixidos, a temporalizacións e a alternativas de avaliación e cálculo de cualificacións, pode sufrir modificacións dependendo en cada caso das circunstancias xerais e mesmo particulares de cada momento e de cada alumno/a ou grupo de alumnado.
Como características e recursos relevantes para a nosa programación destacamos:
- Moi ampla diversidade social, cultural e lingüística do alumnado (ata 23 nacionalidades diferentes)
- Descenso moi pronunciado no uso do galego na xeración do noso alumnado
-Profesorado dinámico que participa en diversos proxectos e grupos de traballo.
- Equipo de Biblioteca e Equipo de Dinamización da Lingua Galega moi activos.
- ANPA activa e participativa.

CONTEXTUALIZACIÓN: A OPTATIVA DE PORTUGUÉS NO CENTRO
Comezamos co ensino do portugués no IES do Milladoiro no curso 2019-2020. Formáronse daquela grupos de 1º ESO (1 grupo), 2º ESO (2 grupos), 3º ESO (1 grupo) e 1º Bach. (1 grupo). Foi progresivamente aumentando o alumnado e agora temos aulas en todos os niveis, tendo máis de un grupo nos tres primeiros cursos da ESO.
Neste ano lectivo a organización dos grupos é a seguinte:
1º ESO: 3 grupos (64 alumnos/as
2º ESO: 2 grupos (56 alumnos/as)
3º ESO: 2 grupo (37 alumnos/as)
4º ESO: 1 grupo (21 alumnos/as)
1º Bac: 1 grupo (7 alumnos/as)
2º Bac: 2 grupos (12 alumnos/as)

A competencia comunicativa de boa parte do alumnado que se anotou á materia é bastante alta de partida, tanto no aspecto lingüístico, sociolingüístico como pragmático, non tanto intercultural. No centro hai alumnado que naceu aquí e que comparte un ámbito sociolingüístico moi similar; algún outro descendente de familia portuguesa ou brasileira que ten esta como lingua materna, polo que ten competencias na comprensión e expresión oral moi altas pero baixas a nivel escrito. Por último está o alumnado non nacido en Galicia que, maioritariamente procede de países hispanofalantes e que, na maioría dos casos ten serias dificultades coa lingua galega, polo que o achegamento ao portugués é realmente o dunha lingua estranxeira.
Para os primeiros, o nivel alto na competencia lingüística débese á enorme proximidade entre galego e portugués, en case todos os apartados que entran dentro dela: ortográfica, gramatical, lexical, semántica e fonolóxica. Está claro que deben salvar diferenzas no ámbito fonolóxico e tamén gramatical e lexical, pero nada teñen que ver coas dificultades que poden presentar alumnos e alumnas que poden acceder ao portugués desde unha lingua non románica, ou mesmo sendo románica que sexa diferente do galego.
O alumnado galego, e con competencia suficiente en LGL, que escolle a materia de 2ª lingua estranxeira, portugués, case trae incorporados os coñecementos que se piden nun nivel elemental segundo o MCERL. É capaz de comprender expresións familiares e cotiás, así como enunciados moi simples desde o primeiro día e cunhas pequenas indicacións xa se presentan e comunican de modo simple.
Colaboracións
Como esta materia pertence ao departamento de LGL, establécese unha colaboración constante co profesorado que imparte esta materia, así como co EDLG e a biblioteca.
Solicitouse desde hai varios cursos profesorado de apoio, ben do Instituto Camões, ben do grupo de auxiliares de conversa, pero comunicóusenos que non había dispoñibilidade. Quedamos á espera de que se nos ofreza calquera tipo de colaboración este curso.
Estase tentando a colaboración para intercambio dixital con alumnado de portugués doutros centros de ensino e tamén con alumnado de centros de ensino de secundaria de Portugal. Se se consegue a través de EduExchanges e se non é así, a través de contactos particulares con profesorado luso.
Para finalizar queremos deixar constancia de que o alumnado do noso centro é de nivel socioeconómico e cultural moi diverso. Temos alumnado que estivo en Portugal nunha ou máis ocasións, mentres que outro nunca tivo a oportunidade de entrar en contacto co país luso. Hai alumnado que ten unha situación socioeconómica baixa, polo

tanto tentaremos organizar saídas ao país veciño que sexan asequibles para toda a rapazada.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Comprender o sentido xeral e información relevante e predicible en textos sinxelos e ben estruturados, en lingua estándar relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do nivel escolar, e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas. | 2-3 | 1-2 | 1 | 1 | 5 | | | 2 |
| OBX2 - Producir textos de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma adecuada e coherente mensaxes que respondan a propósitos comunicativos cotiáns. | 1 | 1-2 | 1 | 2 | 5 | | 1 | 3 |
| OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións sinxelas, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía. | 5 | 1-2 | 1 | | 3 | 3 | | |
| OBX4 - Mediar entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos simples, resumir ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable. | 5 | 1-2-3 | 1 | | 1-3 | | | 1 |
| OBX5 - Recoñecer, ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas. | | 2 | 1 | 2 | 1-5 | | | |
| OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais. | 5 | 3 | | | 1-3 | 3 | | 1 |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Combinamos nos tempos livres ou ficamos em casa? | Unidade inicial para repasar e aumentar coñecementos sobre:<br>1) organizaren convites, asistencia a concertos, teatro, cinema e outras actividades.<br>2) falaren de hábitos alimentares e poder comunicar con eficiencia en establecementos de hostelería (restaurantes, cafés...)<br>3) desenvolvérense nas viaxes (apañar medios de transporte, organizar visitas, falar do tempo, preferencias...),<br>4)-Trataren sobre os coidados propios e a saúde, así como cuestións básicas para desenvolvérense en centros hospitalarios.<br>Cuestións gramaticais (indefinidos, p. imperfeito e p.p. simples, condicional, posesivos, conxuncións e interxecións, pron. persoais.<br>Vogais nasais.<br>Vanse tratar dúas festividades (San Martiño e Natal) que se van integrar nas secuencias: ¿Combinamos na sexta?¿, ¿Onde fica?¿, ¿Estamos em casa ou vamos ao zoo¿, ¿Viagens e férias¿<br>Ademais desenvolveremos unha secuencia transversal polas terras de José Saramago que dará paso a falar sobre libros e cinema | 30 | 35 | X | | |
| 2 | Vamos lá a Portugal (voltamos ou ficamos?) | Está unidade didáctica vai estar composta por diferentes secuencias que terán como fío condutor unha viaxe por puntos diferentes do país veciño (sobre todo da zona norte) con paradas en diferentes lugares que nos vai dar para afondar na cultura, gastronomía, paisaxe, patrimonio... propios de cada lugar. A través de secuencias didácticas como "De Guimarães ao Porto; O caminho português de Santiago; Viagem ao Cholocalate, Queijadas de Évora ou Pastéis de Nata?, Lisboa menina e moça, Brincar de norte a sul; Reclamações, Compras e Memorias; ¿As aulas e a familia en Morangos com açúcar¿ iremos vendo contidos comunicativos centrados en expresar desexos, formular peticións, hipóteses e suxestións, dar ordes e instrucións. De gramática: infinitivo, futuro, imperativo, | 30 | 35 | | X | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2 | Vamos lá a Portugal (voltamos ou ficamos?) | relativos, pretéritos irregulares... Entraremos a estudar a fraseoloxía e expresións idiomáticas típicas e afondaremos no estilo directo e indirecto. Ó tema do 25 de abril vai facer de ponte entre esta unidade e a seguinte. | 30 | 35 | | X | |
| 3 | Navegar de lado a lado | Unidade que vai ter como fío condutor unha viaxe polos países da lusofonía. Parte no 25 de abril e na descolonización para retrotaernos á época dos navegantes responsables das mesmas e chegar aos ¿navegantes pola rede¿ de hoxe é a base dun proxecto que vai ocupar o trimestre. Vanse explorar diferentes elementos relacionados coa cultura lusófona en sentido amplo pero tamén problemáticas referidas ao uso das redes sociais. Baixo os títulos : ¿Viagem pela gastronomía lusófona¿, ¿Multilinguismo ou do batuko ao samba: músicas e outras artes¿, ¿Quem navega mais e quem melhor? ¿Da amazonia ao planalto¿ ¿O Día da lingua portuguesa no Milhadoiro¿... vanse ir incrementando os coñecementos correspondentes a este nivel. Afondaremos en como pedir e dar información, indicar obrigatoriedade, intención, prohibición. Aceptar e rexeitar axuda. Pedir e dar consellos. Formular hipóteses. Veremos P. perf. composto, p.mais que pefeito, imperfeito de conjuntivo, futuros, expresións adverbiais... | 40 | 35 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | Combinamos nos tempos livres ou ficamos em casa? | 35 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Extraer o sentido global e información relevante e previsible en textos orais, escritos e multimodais breves, sinxelos e estruturados con conectores moi básicos, sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, propios dos ámbitos persoal, educativo e público, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes. | Extrae o máis evidente do sentido global e da información máis relevante e previsible en textos orais, escritos e multimodais breves. | PE | 50 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Comprender a información esencial en situacións de comunicación oral ou escrita, de xeito presencial ou telemático, e dos medios de comunicación social que aborden conversas, narracións e/ou descricións predicibles, e presentacións moi sinxelas emitidas con estruturas e léxico moi básico, e co apoio de imaxes moi redundantes, que traten sobre asuntos da vida cotiá e de necesidade inmediata, previamente traballados e que ¿no caso da oralidade¿ estean articuladas moi claramente, con ritmo pausado, aínda que sexa necesario escoitalas máis dunha vez. | Comprende a información esencial de textos orais e escritos sobre asuntos da vida cotiá,  articulados moi claramente e repetíndoas máis dunha vez. | | |
| CA1.4 - Comprender descricións, narracións, instrucións e opinións claras formuladas a través de diversos soportes de xeito simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese traballados previamente, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito con ritmo pausado. | Comprende descricións, narracións, instrucións e opinións de textos orais e escritos relacionados co contido da unidade. | | |
| CA1.6 - Redactar textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, e mensaxes e notas moi sinxelos con información, instrucións e indicacións básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto. | Redacta un texto curto segundo os modelos vistos na clase. | | |
| CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir. | Demostra na produción de textos escritos e na comprensión de textos escritos e orais, que domina elementos básicos do proceso comunicativo. | | |
| CA1.3 - Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais ou os detalles relevantes de textos sinxelos e básicos: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico. | Usa estratexias para a comprensión de textos con vocabulario e estruturas aínda non estudadas. | TI | 50 |
| CA1.5 - Producir oralmente textos curtos e moi sinxelos, a partir de modelos sinxelos e básicos, sobre temas cotiáns e habituais pronunciando de maneira intelixible, prestando atención ao ritmo, á acentuación e á entoación, reparando os erros básicos de pronuncia. | Consegue expresarse oralmente cun mínimo de corrección e fluidez sobre os contidos da unidade, tanto de forma planificada como non planificada. | | |
| CA1.7 - Completar formularios e documentos moi básicos nos que se solicite información persoal, en soporte tanto impreso como dixital. | Completa formularios e documentos moi básicos nos que se solicite información persoal, en soporte tanto impreso como dixital. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.8 - Aplicar e compartir coñecementos e estratexias básicas para producir textos escritos (adecuación á persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa. | Produce na aula textos escritos a partir dos modelos dados. | | |
| CA1.9 - Participar en situacións interactivas breves e sinxelas, producindo textos intelixibles e reparando os erros básicos de pronuncia cando as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe. | Participa na clase en interaccións que reproduzan situacións da vida real estudadas neste tema, facendo por entenderse. | | |
| CA1.10 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave se o necesita e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación. | Interactúa no día a día coa profesora ou con compañeiros/as sobre calquera cuestión cotiá. | | |
| CA1.11 - Interactuar respondendo e facendo preguntas e dando e comprendendo informacións sinxelas, relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos, afeccións e intereses etc.), así como instrucións e peticións relativas ao ámbito escolar. | Interactúa tanto co persoa docente como con outras persoas alleas ao centro respondendo preguntas moi básicas sobre si mesmo ou o ámbito escolar. | | |
| CA1.12 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos. | Resolve as tarefas que se lle encargan na aula virtual demostrando que activou os coñecementos adquiridos na aula. | | |
| CA1.13 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe. | Amosa unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender. | | |
| CA2.1 - Transmitirlles a terceiras persoas información simple e previsible, de interese inmediato, de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, carteis, programas, folletos, palabras de menús, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas. | Reprodúcelle aos compañeiros/as do centro ou doutros centros a información de paneis, folletos... | | |
| CA2.2 - Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, identificando aqueles factores socioculturais máis evidentes que dificulten a comunicación, e usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento. | Resolve presentacións e comunicacións telefónicas axustándose ás circunstancias socioculturais. | | |
| CA2.3 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico, reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento. | Deduce significados e repara nos falsos amigos expostos na unidade. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | Resolve as tarefas semanais da aula virtual que precisan de que aplique o seus coñecementos previos. | | |
| CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes. | Autoavalíase mediante o emprego de rúbricas usadas para as  diferentes tarefas. | | |
| CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas. | Deduce significados en textos de diferente formato aplicando os coñecementos do seu repertorio lingüístico. | | |
| CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística. | Reflexiona sobre os estereotipos existentes aínda arredor de Portugal á hora de viaxar alí. | | |
| CA3.3 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | Participa no proxecto do trimestre sen mostrar ningún estereotipo cara á lingua estranxeira e valorando a súa propia. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.<br>- Uso de estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais breves, básicos e contextualizados.<br>- Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións básicas e cotiás (identificar unha persoa, transmitir horarios, notas, costumes ou hábitos¿).<br>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: intercambiar información sobre cuestións cotiás; instrucións e ordes básicas; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións sinxelas; expresar o gusto ou o interese e emocións moi básicas; enlazar frases de forma sinxela para narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión; dar explicacións moi sinxelas; realizar hipóteses moi básicas; expresar en textos moi sinxelos a posibilidade e a dúbida.<br>- Uso de modelos contextuais e xéneros discursivos de uso moi común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos, organización e estruturación segundo o xénero (narrativo, descritivo e instrutivo).<br>- Utilización de unidades lingüísticas básicas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade (obxectos, persoas, accións, sucesos etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais (distancia, dirección, orixe...), o tempo e as relacións temporais (datación, frecuencia, secuencia...), formas básicas da afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas. |

| Contidos |
|---|
| - Utilización de léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo a identificación persoal, relacións interpersoais básicas, lugares e contornas máis habituais, lecer e tempo libre, estudos, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural.<br>- Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.<br>- Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas: uso das normas básicas de ortografía da palabra, utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.<br>- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información como dicionarios, bibliotecas, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos, gramaticais etc.).<br>- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.<br>- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes e estudantes da lingua estranxeira.<br>- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos e de frases feitas e locucións básicas para elaborar os propios textos.<br>- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias de uso máis común (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas ¿léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.¿).<br>- Uso de estratexias e ferramentas de uso común, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.<br>- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.<br>- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.<br>- Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.<br>- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas, comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos etc.; e os costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.<br>- Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.<br>- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas básicas e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.<br>- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.<br>- Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | Vamos lá a Portugal (voltamos ou ficamos?) | 35 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Extraer o sentido global e información relevante e previsible en textos orais, escritos e multimodais breves, sinxelos e estruturados con conectores moi básicos, sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, propios dos ámbitos persoal, educativo e público, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes. | Extrae o máis evidente do sentido global e da información máis relevante e previsible en textos orais, escritos e multimodais breves | PE | 50 |
| CA1.4 - Comprender descricións, narracións, instrucións e opinións claras formuladas a través de diversos soportes de xeito simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese traballados previamente, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito con ritmo pausado. | Comprende descricións, narraccións e instrucións sobre elementos estudados, en textos orais e escritos. | | |
| CA1.6 - Redactar textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, e mensaxes e notas moi sinxelos con información, instrucións e indicacións básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto. | Redacta textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, e mensaxes e notas moi sinxelos con información, instrucións e indicacións básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto. | | |
| CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir. | Demostra na produción de textos escritos e na comprensión de textos escritos e orais, que domina elementos básicos do proceso comunicativo. | | |
| CA1.2 - Comprender a información esencial en situacións de comunicación oral ou escrita, de xeito presencial ou telemático, e dos medios de comunicación social que aborden conversas, narracións e/ou descricións predicibles, e presentacións moi sinxelas emitidas con estruturas e léxico moi básico, e co apoio de imaxes moi redundantes, que traten sobre asuntos da vida cotiá e de necesidade inmediata, previamente traballados e que ¿no caso da oralidade¿ estean articuladas moi claramente, con ritmo pausado, aínda que sexa necesario escoitalas máis dunha vez. | Resolve a comprensión mínima dunha información esencial en diferentes soportes con axudas verbais e non verbais no día a día na aula. | TI | 50 |
| CA1.3 - Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais ou os detalles relevantes de textos sinxelos e básicos: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico. | Usa estratexias para a comprensión de textos con vocabulario e estruturas aínda non estudadas. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.5 - Producir oralmente textos curtos e moi sinxelos, a partir de modelos sinxelos e básicos, sobre temas cotiáns e habituais pronunciando de maneira intelixible, prestando atención ao ritmo, á acentuación e á entoación, reparando os erros básicos de pronuncia. | Consegue expresarse oralmente cun mínimo de corrección e fluidez sobre os contidos da unidade, tanto de forma planificada como non planificada. | | |
| CA1.8 - Aplicar e compartir coñecementos e estratexias básicas para producir textos escritos (adecuación á persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa. | Produce na aula textos escritos a partir dos modelos dados. | | |
| CA1.9 - Participar en situacións interactivas breves e sinxelas, producindo textos intelixibles e reparando os erros básicos de pronuncia cando as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe. | Participa na clase en interaccións que reproduzan situacións da vida real estudadas neste tema, facendo por entenderse. | | |
| CA1.10 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave se o necesita e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación. | Interactúa no día a día coa profesora ou con compañeiros/as sobre calquera cuestión cotiá. | | |
| CA1.11 - Interactuar respondendo e facendo preguntas e dando e comprendendo informacións sinxelas, relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos, afeccións e intereses etc.), así como instrucións e peticións relativas ao ámbito escolar. | Interactúa tanto co persoa docente como con outras persoas alleas ao centro respondendo preguntas moi básicas sobre si mesmo ou o ámbito escolar. | | |
| CA1.12 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos. | Resolve as tarefas que se lle encargan na aula virtual demostrando que activou os coñecementos adquiridos na aula. | | |
| CA1.13 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe. | Amosa unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender. | | |
| CA2.1 - Transmitirlles a terceiras persoas información simple e previsible, de interese inmediato, de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, carteis, programas, folletos, palabras de menús, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas. | Reprodúcelle aos compañeiros/as do centro ou doutros centros a información de paneis, folletos... | | |
| CA2.2 - Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, identificando aqueles factores socioculturais máis evidentes que dificulten a comunicación, e usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento. | Resolve presentacións e comunicacións telefónicas axustándose ás circunstancias socioculturais. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.3 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico, reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento. | Deduce significados e repara nos falsos amigos expostos na unidade. | | |
| CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | Resolve as tarefas semanais da aula virtual que precisan de que aplique o seus coñecementos previos. | | |
| CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes. | Autoavalíase mediante o emprego de rúbricas usadas para as  diferentes tarefas. | | |
| CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas. | Deduce significados en textos de diferente formato aplicando os coñecementos do seu repertorio lingüístico | | |
| CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística. | Reflexiona sobre os estereotipos existentes arredor de aspectos culturais da lusofonía. | | |
| CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos. | Acepta e respecta a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos. | | |
| CA3.3 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | Participa en proxectos nos que se utilizan varias linguas evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.<br>- Uso de estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais breves, básicos e contextualizados.<br>- Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións básicas e cotiás (identificar unha persoa, transmitir horarios, notas, costumes ou hábitos¿).<br>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: intercambiar información sobre cuestións cotiás; instrucións e ordes básicas; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións sinxelas; expresar o gusto ou o interese e emocións moi básicas; enlazar frases de forma sinxela para |

| Contidos |
|---|
| - narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión; dar explicacións moi sinxelas; realizar hipóteses moi básicas; expresar en textos moi sinxelos a posibilidade e a dúbida.<br>- Uso de modelos contextuais e xéneros discursivos de uso moi común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos, organización e estruturación segundo o xénero (narrativo, descritivo e instrutivo).<br>- Utilización de unidades lingüísticas básicas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade (obxectos, persoas, accións, sucesos etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais (distancia, dirección, orixe...), o tempo e as relacións temporais (datación, frecuencia, secuencia...), formas básicas da afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas.<br>- Utilización de léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo a identificación persoal, relacións interpersoais básicas, lugares e contornas máis habituais, lecer e tempo libre, estudos, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural.<br>- Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.<br>- Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas: uso das normas básicas de ortografía da palabra, utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.<br>- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información como dicionarios, bibliotecas, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos, gramaticais etc.).<br>- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.<br>- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes e estudantes da lingua estranxeira.<br>- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos e de frases feitas e locucións básicas para elaborar os propios textos.<br>- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias de uso máis común (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas ¿léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.¿).<br>- Uso de estratexias e ferramentas de uso común, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.<br>- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).<br>- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.<br>- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.<br>- Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.<br>- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas, comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos etc.; e os costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.<br>- Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.<br>- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas básicas e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio. |

| Contidos |
|---|
| - Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.<br>- Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | Navegar de lado a lado | 35 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Extraer o sentido global e información relevante e previsible en textos orais, escritos e multimodais breves, sinxelos e estruturados con conectores moi básicos, sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, propios dos ámbitos persoal, educativo e público, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes. | Extrae o sentido global e información relevante e previsible en textos orais, escritos e multimodais breves, sinxelos, sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, propios dos ámbitos persoal, educativo e público, expresados de forma comprensible. | PE | 55 |
| CA1.2 - Comprender a información esencial en situacións de comunicación oral ou escrita, de xeito presencial ou telemático, e dos medios de comunicación social que aborden conversas, narracións e/ou descricións predicibles, e presentacións moi sinxelas emitidas con estruturas e léxico moi básico, e co apoio de imaxes moi redundantes, que traten sobre asuntos da vida cotiá e de necesidade inmediata, previamente traballados e que ¿no caso da oralidade¿ estean articuladas moi claramente, con ritmo pausado, aínda que sexa necesario escoitalas máis dunha vez. | Comprende a información esencial en situacións de comunicación oral ou escrita, dos medios de comunicación social que aborden conversas, narracións e/ou descricións predicibles e moi sinxelas sobre asuntos da vida cotiá, articuladas moi claramente, e repetíndoas. | | |
| CA1.4 - Comprender descricións, narracións, instrucións e opinións claras formuladas a través de diversos soportes de xeito simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese traballados previamente, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito con ritmo pausado. | Comprende descricións, narracións, instrucións e opinións claras formuladas a través de diversos soportes de xeito simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese traballados previamente. | | |
| CA1.6 - Redactar textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, e mensaxes e notas moi sinxelos con información, instrucións e indicacións básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto. | Redacta textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, e mensaxes e notas moi sinxelos con información, instrucións e indicacións básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir. | Demostra na produción de textos escritos e na comprensión de textos escritos e orais, que domina elementos básicos do proceso comunicativo. | | |
| CA1.3 - Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais ou os detalles relevantes de textos sinxelos e básicos: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico. | Usa estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os detalles relevantes de textos sinxelos e básicos e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico. | TI | 45 |
| CA1.5 - Producir oralmente textos curtos e moi sinxelos, a partir de modelos sinxelos e básicos, sobre temas cotiáns e habituais pronunciando de maneira intelixible, prestando atención ao ritmo, á acentuación e á entoación, reparando os erros básicos de pronuncia. | Produce oralmente textos curtos e moi sinxelos, a partir de modelos sinxelos e básicos, sobre temas cotiáns e habituais pronunciando de maneira intelixible, prestando atención ao ritmo, á acentuación e á entoación, reparando os erros básicos de pronuncia. | | |
| CA1.8 - Aplicar e compartir coñecementos e estratexias básicas para producir textos escritos (adecuación á persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa. | Produce na aula textos escritos a partir de modelos dados. | | |
| CA1.9 - Participar en situacións interactivas breves e sinxelas, producindo textos intelixibles e reparando os erros básicos de pronuncia cando as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe. | Participa en situacións interactivas breves e sinxelas dentro da aula, reproducindo situacións cotiás. | | |
| CA1.10 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave se o necesita e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación. | Interactúa no día a día coa profesora ou con compañeiros/as sobre calquera cuestión cotiá | | |
| CA1.11 - Interactuar respondendo e facendo preguntas e dando e comprendendo informacións sinxelas, relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos, afeccións e intereses etc.), así como instrucións e peticións relativas ao ámbito escolar. | Interactúa tanto co persoa docente como con outras persoas alleas ao centro respondendo preguntas moi básicas sobre si mesmo ou o ámbito escolar. | | |
| CA1.12 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos. | Resolve as tarefas que se lle encargan na aula virtual demostrando que activou os coñecementos adquiridos na aula | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.13 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe. | Amosa unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender | | |
| CA2.1 - Transmitirlles a terceiras persoas información simple e previsible, de interese inmediato, de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, carteis, programas, folletos, palabras de menús, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas. | Reprodúcelle aos compañeiros/as do centro ou doutros centros a información de paneis, folletos... | | |
| CA2.2 - Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, identificando aqueles factores socioculturais máis evidentes que dificulten a comunicación, e usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento. | Resolve presentacións e comunicacións telefónicas axustándose ás circunstancias socioculturais. | | |
| CA2.3 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico, reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento. | Deduce significados e repara nos falsos amigos expostos na unidade. | | |
| CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | Resolve as tarefas semanais da aula virtual que precisan de que aplique o seus coñecementos previos. | | |
| CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes. | Autoavalíase mediante o emprego de rúbricas usadas para as diferentes tarefas. | | |
| CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas. | Deduce significados en textos de diferente formato aplicando os coñecementos do seu repertorio lingüístico. | | |
| CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística. | Recoñece estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística. | | |
| CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos. | Acepta e respecta a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.3 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | Participa no proxecto do trimestre sen mostrar ningún estereotipo cara á lingua estranxeira e valorando a súa propia. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.<br>- Uso de estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais breves, básicos e contextualizados.<br>- Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións básicas e cotiás (identificar unha persoa, transmitir horarios, notas, costumes ou hábitos¿).<br>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: intercambiar información sobre cuestións cotiás; instrucións e ordes básicas; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións sinxelas; expresar o gusto ou o interese e emocións moi básicas; enlazar frases de forma sinxela para narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión; dar explicacións moi sinxelas; realizar hipóteses moi básicas; expresar en textos moi sinxelos a posibilidade e a dúbida.<br>- Uso de modelos contextuais e xéneros discursivos de uso moi común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos, organización e estruturación segundo o xénero (narrativo, descritivo e instrutivo).<br>- Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.<br>- Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas: uso das normas básicas de ortografía da palabra, utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.<br>- Utilización de convencións e estratexias conversacionais elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra, comparar, colaborar etc.<br>- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información como dicionarios, bibliotecas, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos, gramaticais etc.).<br>- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.<br>- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes e estudantes da lingua estranxeira.<br>- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos e de frases feitas e locucións básicas para elaborar os propios textos.<br>- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias de uso máis común (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas ¿léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.¿).<br>- Uso de estratexias e ferramentas de uso común, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.<br>- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).<br>- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. |

| Contidos |
| --- |
| - Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.<br>- Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.<br>- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas, comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos etc.; e os costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.<br>- Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.<br>- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas básicas e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.<br>- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.<br>- Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. |

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

O achegamento a unha segunda lingua estranxeira como é o portugués para o alumnado galego require unhas concrecións metodolóxicas moi específicas e que se deben ir adaptando a cada grupo-aula. Esta materia, aínda que é a primeira vez que a cursan, e tendo en conta as características do alumnado que se explicaron arriba, presenta unha dificultade moito menor -para unha boa parte do alumnado-do que pode presentar outra lingua estranxeira. O portugués é unha lingua que comparte a maioría das estruturas sintácticas, o sistema gramatical e un campo lexical enorme co galego. Hai pequenas diferenzas nestes campos e algo máis grandes no ámbito fonético, que cómpre superar.

Aplicarase o principio básico para o organización e tratamento de contidos baseado en que o que se aprende depende fundamentalmente do xa aprendido (coñecementos previos), e ademais quen aprende constrúe o significado do aprendido a partir da propia experiencia. Empregaremos moito a indución para que exploren analoxías, semellanzas e diferenzas co galego pero tamén con outras linguas románicas próximas.

Nas diferentes unidades didácticas intégranse contidos dos diferentes bloques e polo tanto, en cada unha delas vanse aplicar diferentes metodoloxías e, aínda que terán máis peso -como diximos- as máis indagatorias e dedutivas para que o alumnado acade coñecementos, xunto con aquelas máis activas e participativas en actividades de produción tanto oral como escrita, tamén poderá haber exposicións e explicacións máis tradicionais e necesarias para facer comprender determinados contidos.

O profesorado vai buscar sempre actuar como guía e mediador para facilitar a construción da aprendizaxe das competencias comunicativas e sempre se tenderá a

- Fomentar a participación e reflexión sobre o proceso de aprendizaxe, este ano especialmente individual mais ca grupal.
- Comprobar a aprendizaxe noutros contextos diferentes aos utilizados na aula.
- Relacionar os saberes aprendidos nas diferentes materias.
- Aprender a aprender buscando por si mesmos a información necesaria en pequenos traballos de investigación.

Como esta materia ten relación directa coa de Lingua Galega e Literatura e consideramos que ten que servir tamén como apoio para ela, cómpre reforzar desde a lingua estranxeira, pero irmá, a propia. Rapaces e rapazas para os que a lingua galega queda relegada a unha práctica ritual forzada nas aulas, case exclusivamente de galego, poderán ampliar o seu dominio lingüístico a través das horas desta materia. Así, tanto cuestións fonéticas, lexicais ou morfosintácticas que son coincidentes van tentar explicarse baixo o paraugas dun tratamento integrado das linguas, sinalando tamén sempre aquilo que é diferente e que pode ser un falso amigo entre o galego e o portugués.

Tentarase tamén crear unha liña metodolóxica común entre o profesorado da materia de Portugués e o resto dos membros do departamento de Lingua Galega ao longo de toda a etapa. E xa ideal sería reactivar o TIL e avanzarmos todos os departamentos de linguas no tratamento integrado das mesmas.

Á hora de facer concrecións metodolóxicas de base, incidimos en:

- A gramática da lingua non será en ningún momento un obxectivo en si mesma, senón que estará ao servizo, en calquera caso, da aprendizaxe por competencias.
- Uso de recursos didácticos diversos e fontes de información variadas, coa intención de chegar ás preferencias, gustos e habilidades dun maior número de alumnado, e de ofrecer unha visión o máis ampla posible das culturas que vehicula a lingua portuguesa. Teremos en conta
  - o Emprego de vídeos de temáticas diferentes e acaídas ás unidades didácticas empregadas.
  - o Uso da música como un camiño básico na aprendizaxe
  - o Emprego de imaxes para a expresión oral e escrita
- Estadía física e virtual no mundo lusófono. Tentaremos achegar o alumnado durante un día a algunha cidade do norte, pero tamén faremos viaxes virtuais que nos permiten os medios tecnolóxicos actuais.

Espazos e tempos
Vanse alternar os espazos durante as tres horas de clase nos dous grupos. Moverémonos entre a sala de aula, a sala de informática e algunha vez a biblioteca. Na sala de aula faranse as clases máis expositivas, as de comprensión de textos, de exposicións e interaccións orais (debates...), as dedicadas a traballo en grupo para desenvolvemento de proxectos e as que teñan como base unha proxección audiovisual común.
Na aula de informática faranse os exercicios interactivos tanto gramaticais como de comprensión escrita, traballo de comprensión oral individualizado (completar..), e visionado de vídeos con teoría para tomar apuntamentos, etc.
Esporádicamente vaise usar a biblioteca para traballos concretos dentro dos proxectos que se van desenvolver, e, sobre todo, para realizar parte de unidades que requiran o uso de libros que están alí.
En cada trimestre, nas unidades que se desenvolven, vanse alternar segundo necesidades e segundo o avance do currículo o permita.

Liñas metodolóxicas que inciden no proceso de ensino e aprendizaxe:
ado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que o capaciten para o futuro.
- Metodoloxía de proxectos, para unha adquisición eficaz das competencias. Deseño de proxectos significativos para o alumnado, baseados en contextos recoñecibles, que teñan en conta, se for posible, as súas vivencias particulares e o reforzo do seu compromiso co desenvolvemento sostible, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.
-Traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta e a súa capacidade para se relacionar cos demais, estimulando o respecto crítico a otros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.
-Atención á diversidade, con atención individualizada dentro das posibilidades do grupo, na prevención das dificultades de aprendizaxe, con tarefas de ampliación para aquel alumado que precise afondar máis nos contidos.
-Uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento. A adquisición destas destrezas pode acadarse a través da lectura de distintos tipos de textos, da súa comprensión e da reflexión arredor deles.
-Desenvolvemento gradual e progresivo dos obxectivos e dos contidos de maneira que, alén de incrementar a dificultade dos procesos e situacións comunicativas, tamén se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.
-Potenciación da reflexión interlingüística,. Buscamos a intercomunicación, en primeiro lugar, entre o galego e o portugués con actividades que favorezan a adquisición doutras habilidades. Procuraranse programas internacionais, poderán promover actuacións que, de xeito presencial ou virtual, propicien os intercambios lingüísticos entre o alumnado galego e lusófono (encontros, concursos, festivais...).
-Traballo interdisciplinar e a coordinación con outros departamentos e equipos do centro, especialmente co equipo de dinamización da lingua galega e o equipo de biblioteca como mellor vía para promover actuacións tanto de xeito presencial como virtual: saídas didácticas, exposicións, espectáculos...

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Aula virtual con unidades e secuencias didácticas elaboradas en ExeLearning |
| Dicionário Priberam (https://dicionario.priberam.org/) |
| Dicionario da editorial Porto Editora (versión papel e dixital: https://www.infopedia.pt/dicionarios) |
| Corrector ortográfico e sintáctico: https://www.flip.pt/FLiP-On-line/Corrector-ortografico-e-sintactico |
| Bernal, Diego et alii (2019). Dicionário Visual Através. Santiago: Agal |
| Capítulos, ou parte de capítulos, da serie "Morangos com açúcar" dispoñible en Youtube |
| Vídeos de influencers famosas en Portugal como Mafalda Creative ou Sofía Barbosa, tamén no Youtube |
| Canles de cociña disponibeis no Youtube como ¿Temperos e Sabores¿, ¿O Clau Canal¿ etc |
| Libros breves como ¿A primeira prenda do pai Natal¿ de Alice Vieira, ¿O conto da ilha desconhecida¿ ou ¿A maior flor do mundo¿ de José Saramago |

O achegamento a unha segunda lingua estranxeira como é o portugués para o alumando galego require unhas concrecións metodolóxicas moi específicas e que se deben ir adaptando a cada grupo-aula.
Dado que o profesorado vai actuar como guía e mediador para facilitar a construción da aprendizaxe das competencias comunicativas parécenos máis acaído empregar a Aula Virtual.
Para cada unidade didáctica contamos con exelerning creados para este nivel de portugués. En cada un deles hai contidos gramaticais e fonéticos, textos informativos e exercicios interactivos que se autoavalían. Os exelerning incorpóranse nun curso na aula virtual desde o que tamén se pode acceder a outros recursos como dicionarios dixitais, correctores ortográficos, ademais doutros materias e tarefas que completarán cada unidade.
Pero ademais de todo o que está colgado na AV que citamos no cadro anterior, así como o resto de recursos que están perfectamente identificados, imos empregar materiais de diferente natureza segundo vaiamos precisando para o desenvolvemento das aulas:
1. Audios sobre temáticas que esteamos a traballar para potenciar a comprensión de textos orais (en CD ou arquivos de mp3).
2. Materiais audivisuais (vídeos) para potenciar a comprensión da oralidade e a competencia sociocultural.
a. Acudiremos moito a vídeos musicados colgados na canle de youtube.
b. Algunhas series de debuxos animados adaptados ao nivel e apoiados con subtítulos.
c. Filmes que se poidan descargar da rede.
d. Filmes en DVD que temos a nivel particular e na biblioteca do centro.
3- Textos literarios: contos, fragmentos de obras clásicas, textos xuvenís¿ tanto en papel como en pdf.
4- Páxinas web nas que haxa textos de carácter xeral ou máis específico adaptados aos seus intereses e motivacións. Nelas farán pequenas investigacións, lecturas e información (prensa), consulta (diccionarios, tradutores, conxugadores, etc)
5- Revistas de diferentes temáticas (cociña, deportes...) para que lean textos apoiados de imaxes.
6- Fotocopias de textos reais ou inventados, en papel ou formato dixital, que sirvan de mostra de: notas breves, postais, cartas informais, menús, listas de prezos...
7- Fotocopias con exercicios específicos para aqueles contidos sintáctico-discursivos que sexa preciso traballar á marxe das actividades comunicativas.
8- Xogos de temática lingüística e cultural orixinais, elaborados ou adaptados para a práctica na aula.
9- Aplicacións vinculadas ao PLE (ou non) como fonte de práctica (exercicios en liña) ou de xogos e instrumentos de avaliación.
10- Levaranse a cabo actividades e probas segundo modelos das probas de certificación do Instituto Camões e das Escolas Oficias de Idiomas para avaliar o grado de consecución das diferentes destrezas. Permitirase deste xeito o diagnóstico de niveis e diferenzas entre as competencias e os perfís de aprendizaxe verase facilitado polo uso das

numerosas ferramentas de avaliación.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, co fin de diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso. Constitúe, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico da alumna ou alumno no XADE, unha ferramenta esencial para coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias. Deste xeito, poderemos adaptar o proceso de ensinanza e a proposta didáctica e facilitar a progresión satisfactoria das aprendizaxes para o conxunto do alumnado.
Así pois, nos inicios do curso realizaremos unha avaliación que permita ser o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno. A avaliación inicial constitúe o factor preventivo por excelencia na atención á diversidade en xeral, e na atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, en particular.
Evidentemente, será de vital importancia a coordinación de todo o profesorado que imparta docencia en cada grupo co fin de tomar medidas conxuntas que faciliten o progreso do alumnado. Seguiremos, en todo caso, as directrices que establezan o Departamento de Orientación, a Xefatura de Estudos e a Comisión de Coordinación Pedagóxica.
Para a realización da avaliación inicial poderanse empregar algúns dos seguintes procedementos e instrumentos:
a) Realización de probas, tanto orais como escritas, nas que se obteña información sobre os coñecementos previos do alumnado e o grao de desenvolvemento das competencias clave. Estas probas poderán incluír os seguintes criterios de avaliación:
1.1. Apreciación da capacidade de comprensión de textos escritos e orais.
1.2. Valoración da capacidade de expresión escrita (redactar texto breves referidos a contidos vistos no curso anterior)
1.3. Valoración da capacidade de comprender e valorar aspectos da cultura lusófona estudados en niveis anteriores.
1.4.-Capacidade de expresión oral atendendo aos contidos correspondentes ao curso anterior, sobre todo nos niveis fonéticos e prosódicos.
b) Realización de tarefas e actividades específicas, tanto individuais como colectivas, que dean conta da súa competencia a nivel dixital, de aprender a aprender ou de relación e capacidade de traballo en grupo.
c) Cuestionarios de actitudes e intereses.
d) Análise dos informes finais individualizados do alumnado na etapa ou curso anterior.
e) Información obtida a través da persoa titora e do profesorado que impartiu a materia no curso anterior, e especialmente a comunicada polo Departamento de Orientación sobre alumnado con dificultades de aprendizaxe.
Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que for necesario, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | Total |
|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **30** | **30** | **40** | **100** |
| **Proba escrita** | 50 | 50 | 55 | **52** |
| **Táboa de indicadores** | 50 | 50 | 45 | **48** |

**Criterios de cualificación:**

O alumnado será avaliado tal e como está na programación con Probas avaliables escritas e orais, así como polo rexistro do seu traballo diario na aula, da realización de pequeños proxectos e da demostración do seu nivel de competencia lingüística a través de probas na aula virtual.
Resumo dos instrumentos de cualificación de cada avaliación:
a) Proba(s) escrita (s) (50% da nota total). Serve para avaliar os contidos referidos á comprensión oral e escrita e á produción escrita.
b) Produción oral (20% da nota). Avalíase a oralidade, sobre todo a fonética e as destreza referidas á exposición oral. Empregaranse táboas de indicadores.
c) Tarefas e proxectos entregados na aula virtual. Suporán o 20% da nota. Avalíanse a nivel competencial as secuencias didácticas vistas en cada trimestre. Marioritariamente van ser tarefas gravadas ben de audio, ben de vídeo e vanse puntuar mediante táboas de indicadores.
d) Traballo diario e participación activa na aula (10% da nota) que se avaliarán mediante listas de control diarias (táboas de indicadores).
Notas extra. O alumnado non ten probas de recuperación propiamente ditas, pero poderá axudarse -segundo os seus intereses e habilidades- con outras tarefas que lle poden axudar a subir a cualificación da materia. Estas serán:
- Lecturas voluntarias: desde 0,2 a 0,75 puntos por lectura positivamente avaliada (ata 1 punto por avaliación).
- Participación en proxectos fóra das aulas: ata 1 punto.
Recuperacións
Non se realizarán probas de recuperación (exceptuando para o alumnado que non puido acadar resultados por non seguir o normal funcionamento das aulas debido a enfermidade ou outra causa de forza maior), xa que esta se posibilita por medio da adecuada progresión ao longo do curso e mediante a compensación dunhas avaliacións coas outras e mais mediante as notas extra.
Sistema de cualificación final
A nota final será a media ponderada da das tres avaliacións (na ESO: 30% a primeira, 30% a segunda e 40% a terceira) e para aprobar terá que acadarse un mínimo de 5 puntos. Unha vez realizadas as probas avaliadoras da terceira avaliación, se a media establecida segundo este criterio indicado alcanza a cualificación de 5 puntos ou superior, esa cualificación será definitiva.

Probas finais extraordinarias
Na convocatoria extraordinaria realizarase unha proba escrita, que puntuará de 0 a 10, relativa aos mínimos esixibles traballados durante o curso relativos á comprensión oral, comprensión escrita e expresión escrita. Esta proba contará o 75% da nota final. O 25% restante corresponderá cunha proba de expresión oral. A nota mínima para o aprobado establecerase en 5 puntos.

**Criterios de recuperación:**

O período abranguido entre as probas avaliadoras da terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación ou ampliación. Nese sentido, o alumnado que non fose quen de aprobar a materia por avaliacións poderá realizar antes da avaliación final ordinaria unha proba relativa aos contidos da totalidade da materia e do conxunto do traballado durante o curso
A este alumnado a nota final calcularáselle realizando a media da cualificación desta proba e a da media ponderada das tres avaliacións do curso. En todo caso, se a cualificación desta proba final fose de 5 puntos ou superior, será esa a nota outorgada. Se a media desta proba e a das tres avaliacións do curso fose inferior á

das tres avaliacións do curso, manteráselle esta última cualificación (é dicir, a cualificación máis alta).

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

En primeiro lugar, seguirase o disposto no Artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, que dita a necesidade de elaborar un Plan de reforzo para o alumnado da ESO que pase de curso con materias sen superar. Ese plan facilitará a recuperación e superación da pendente e será elaborado polo profesor/a que imparte a materia no curso da alumna ou alumno, baixo as directrices do departamento e co coñecemento do profesorado titor. Terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias e, asemade, adaptarase ás particularidades de cada destinatario. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.
Nese plan de reforzo incluirase a información relevante sobre a materia sen superar e especificaranse os criterios de avaliación, as estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento -incluídos os mecanismos de seguimento do labor do alumno/a-, os recursos necesarios, as tarefas para realizar (coa debida temporalización) e mais a avaliación.
A alumna ou alumno e os seus familiares ou titores legais serán informados polo profesor/a da materia dos contidos do plan de reforzo e, máis concretamente, dos requisitos necesarios para aprobar a pendente. Desta información quedará constancia no departamento, ben sexa mediante documento escrito, ben a través de copia de envío telemático.
Como é evidente, para a avaliación deste alumnado coa materia pendente débense ter en conta os contidos impartidos no curso anterior, de xeito que o plan de reforzo considerará as aprendizaxes e competencias non adquiridas. A atención e o seguimento deste alumnado esixe cando menos algunha reunión presencial de periodicidade mensual e/ou o uso da Aula Virtual e ABALAR.
En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso en que estea escolarizados o alumno ou a alumna, o profesor/a da materia pendente decidirá sobre a superación da materia pendente de acordo coa avaliación positiva ou negativa do seguimento do plan.
Concretando, aqueles alumnos e alumnas da ESO que teñan a materia pendente dun curso anterior poderán superala mediante unha avaliación continuada que realizará o profesorado que imparta a materia no curso e grupo ao que estea asignado o alumno/a. Cada profesor ou profesora entregaralle ao alumnado que teña coa materia pendente, nos grupos en que imparte docencia, material de traballo para preparar as posteriores probas de control, tomando como base os obxectivos, e mínimos esixibles indicados na correspondente programación de cada nivel.
Este material vaise entregar cada trimestre e o alumnado realizará este traballo, que será supervisado periodicamente polo profesor/a do seu grupo e entregado a este/a, para a súa supervisión e corrección, nas datas límite que se establezan cada curso académico para cada unha das partes. Finalmente o profesor/a faralle ao alumno/a unha proba de control en cada trimestre.
O profesorado outorgará unha cualificación, de 0 a 10, a cada unha das probas de control correspondentes a cadanseu bloque de traballo. A nota media das probas para considerar a materia superada será de 5 puntos. A devandita cualificación, se existe, seralle comunicada á xefatura de departamento para que conste na acta de avaliación correspondente.
Aquel alumnado que supere a materia por esta vía non terá que presentarse á proba final que terá dúas partes: unha escrita que contará con preguntas de comprensión escrita e oral, así como de expresión escrita e outra parte de expresión oral.

## 6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.
Segundo o artigo 49 da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, as administracións educativas asegurarán os recursos necesarios para que os alumnos e

alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais.
A partir da avaliación inicial do alumnado, proporanse as correspondentes actuacións de seguimento e atención ao alumnado, tanto as medidas ordinarias como extraordinarias. Faranse actividades especificamente deseñadas para cada caso.
No relativo ao alumnado que se incorpora neste ano á materia de Segunda Lingua estranxeira-portugués, ben por ter estado exento nos dous anos anteriores, ben por chegar novo ao centro, ben por outras circunstancias, vánselle propoñer unhas unidades didácticas específicas para que consiga achegarse á materia e poder coller o ritmo da mesma durante todo o curso.
Por outro lado, o plan específico personalizado para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, obrigado polo artigo 52 da Orde do 8 setembro de 2021 de atención á diversidade incluirá os seguintes apartados:
a) Identificación da alumna ou do alumno.
b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
f) Se for o caso, oferta de medidas extraordinarias.
g) Acreditación da información á familia.
En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, se for necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.
Algunhas das medidas concretas que se poderán aplicar, cando corresponda, e segundo o caso ou o diagnóstico específico, son:
-Alumnado con TDAH: aplicación do Protocolo de Consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos Ámbitos Educativo e Sanitario.
-Alternar actividades teóricas con traballo práctico.
-Antes de empezar unha actividade, explicarase en que consiste de xeito claro e sinxelo, e asegurarase de que a entendeu todo o alumnado.
-Empregar estratexias para captar a atención inicial, como mudanzas de entoación, xesticulación e dramatización.
-Segmentar as actividades longas e limitar o número destas.
-Supervisar frecuentemente a realización, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución ou as distraccións.
-Usar reforzos e apoios visuais na instrución oral.
-Combinar actividades máis estimulantes con outras menos motivadoras.
-Propor exercicios variados.
-Pedir a colaboración dun compañeiro ou dunha compañeira para que o axude a comprender e a realizar as tarefas.
-Utilizar reforzos positivos para motivar.
-Fragmentar as actividades.
-Supervisar os exercicios e asegurarse de que entendeu o que ten que facer.
-Non sobrecargar de tarefas para a casa.
-Fixar as datas dos exames con suficiente antelación.
-Utilizar diferentes formas e instrumentos de avaliación.
-Acurtar os exames escritos e formular preguntas breves, pechadas, claras e con vocabulario sinxelo.
-Dar máis tempo para realizar as probas ou os exames escritos.
-Supervisar a súa comprensión e execución durante o tempo no que se desenvolva o exame.
-Pedir que se revisen os traballos e os exames antes de entregalos.
-Supervisar que a/o alumna/o respondeu a todas as cuestións antes de entregar o exame.
Para os alumnos con previsión de lles aplicar unha ACS, que terá que ser autorizada pola inspección educativa, o procedemento para a súa elaboración seguirá o establecido na Orde do 8 de setembro de 2021.
No caso de que ao longo do curso se matriculase algún alumno ou alumna con algunha destas problemáticas: dislexia, discapacidade auditiva, TEA, altas capacidades, Down ou discapacidade intelectual, TDAH, absentismo, atención temperá seguiranse os protocolos establecidos pola Consellería.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|---|---|---|---|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial | | | X |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico | X | X | X |
| ET.7 - Educación emocional e en valores | X | X | X |
| ET.8 - Igualdade de xénero | X | X | X |
| ET.9 - Creatividade | X | X | X |

**Observacións:**

Observacións:
O Decreto do currículo de ESO establece que en todas as materias e, polo tanto, na Segunda Lingua Estranxeira (Português) de 3º de ESO, vanse traballar os seguintes elementos transversais:
- a comprensión lectora
- a expresión oral e escrita
- a comunicación audiovisual
- a competencia dixital
- o emprendemento social e empresarial
- o fomento do espírito crítico e científico
- a educación emocional e en valores
- a igualdade de xénero
- a creatividade

Alén diso, pola peculiaridade da materia de Portugués, a comprensión lectora e a comunicación oral e escrita, ao formar parte do currículo, serán elementos tratados dunha ou doutra maneira en todas as unidades didácticas, polo que non aparecen singularizados en ningunha delas.

### 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Persoeiros Lusófonos | Imos aproveitar calquera persoeiro dun país da lusofonía que poida vir contarlles calquera aspecto importante sobre o seu país. Poderemos aproveitar escritores ou músicos que se acheguen a Compostela e poidan desprazarse ao noso IES, pero tamén profesorado da facultade de filoloxía ou da EOI. De non podérense achegar tentaremos nós mover o alumnado. | X | X | X |
| Visita a Portugal (saída didáctica) | Organizaremos unha visita a unha cidade portuguesa (posiblemente ao Porto) con visitas guiadas nas que o alumnado teña que usar o portugués e interactuar na lingua que están a aprender. | | X | |
| Celebración de efermérides (25 de abril, Día da Lingua portuguesa, Día de Camões e comunidades lusófonas) | Faremos unha actividade complementaria para conmemorar o 25 de abril e mais o Día da Lingua portuguesa. | | X | X |
| Club de lectura | Con novelas breves e acaídas para a formación e a idade. Tamén libros de relatos, albums ilusturados e mesmo libros informativos. | X | X | X |
| Intercambios lusófonos | Con alumnado e profesorado que estude portugués na Galiza como en Portugal | X | X | X |

**Observacións:**

Obxectivos:
-Reforzar os contidos traballados na aula.
-Motivar o alumnado para a aprendizaxe da materia.
-Favorecer o uso oral do portugués e, ao mesmo tempo, do galego.
-Fomentar actitudes positivas cara á lingua e a cultura lusófonas.
-Achegarse dun xeito lúdico á historia e cultura do ámbito lusófono.
-Achegarse de forma activa a obras básicas da literatura galega.
-Poñer en contacto o alumnado con manifestacións culturais variadas en portugués (teatro, música, cine etc.) e con persoas que poidan transmitirllo facilmente.

A realización das actividades dependerá dos recursos dos que dispoña o departamento e das posibilidades organizativas do centro, así como da disposición económica das familias no caso de asumir a saída.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| 9.Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias. |
| 13.Conseguíronse adecuar as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa temporalización. |
| 14.Mantívose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e niveis de desempeño mínimos. |
| 15. Os procedementos, criterios e instrumentos de avaliación utilizados foron os adecuados. |

| |
|---|
| 16.Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidores/as, ACS, reforzos. |
| 19. Analizouse a cualificación do alumnado e valoráronse as porcentaxes de alumnado que superou e non superou a materia. |
| Metodoloxía empregada |
| 6. As explicacións foron claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles. |
| 8.O profesorado mantívose actualizado tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da súa materia como no ámbito das novas tecnoloxías. |
| 12.Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| 5 O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación, cualificación e puntuación establecidos. |
| 21. As probas de avaliación foron corrixidas no prazo establecido, entregadas ao alumnado para analizalas e comentalas na clase. |
| Medidas de atención á diversidade |
| 2. Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas tanto culturais, como de procedencia. |
| 3.Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes. |
| 4 Logo de realizarse a avaliación inicial e de recibir a información transmitida polo Departamento de Orientación, mantívose o seguimento personalizado de todo o alumnado ao longo do curso. |
| 11. Estableceuse unha comunicación continuada co alumnado imposibilitado para asistir temporalmente ao centro: atención domiciliaria, hospitalización etc., a través da aula virtual ou doutras comunicacións telemáticas. |
| Clima de traballo na aula |
| 1. Propiciouse un ambiente motivador na aula. |
| 7. Respectouse a puntualidade á hora de entrar na aula e mostrouse unha actitude entusiasta e dinámica. |
| 20. Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula. |
| 23. Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua portuguesa habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| 10.Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos (EDLG, Biblioteca, Club de Ciencia etc.). |
| 17.Participouse no Plan lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.). |
| 18. Asistiuse ás reunións de departamento achegando ideas, información e modificacións á PD, avaliando os resultados das avaliacións do alumnado e propondo estratexias de mellora. |
| 22. Posibilitouse o contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensino-aprendizaxe das filla ou fillos. |

**Descrición:**

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes".

Estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: o referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica.
Establecemos a contunuación os ítens de avaliación do PROCESO DE ENSINO e da PRÁCTICA DOCENTE
Estes indicadores de logro valoraranse nunha escala de 1 a 4.
PROCESO DE ENSINO: 1 (MOI POUCO) - 2 (DE FORMA ACEPTABLE) - 3 (BASTANTE ) - 4 (MOITO)
1) O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?
2) Conseguiuse crear un contexto cognitivo que favoreza a aprendizaxe?
3) Conseguiuse motivar para conseguir desenvolver a actividade intelectual e física?
4) Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?
5) Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?
6) Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?
7) Tomouse algunha medida curricular para atender o alumnado con NEAE?
8) Tomouse algunha medida organizativa para atender o alumnado con NEAE?
9) Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?
10) Usáronse distintos instrumentos de avaliación?
11) Dáse un peso real á observación do traballo na aula
12) Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?

PRÁCTICA DOCENTE DE ENSINO 1 (MOI POUCO) - 2 (DE FORMA ACEPTABLE) - 3 (BASTANTE ) - 4 (MOITO)
1) Danse explicacións suficientes para todo o alumnado?
2) Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?
3) Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade.
4) Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?
5) Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?
6) Intercálase o traballo individual e en equipo?
5) Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?
6) Incorpóranse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe?
7) Ofrécese ao alumnado os resultados das probas/exames dentro dun prazo razoable?
8) Coméntase co alumnado os resultados das probas /exames?
9) Dáselle ao alumnado a posibilidade de ver e comentar os fallos máis significativos das súas probas/ exames?
10) Como é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O Departamento de LGL reunirase para, entre outros asuntos, facer o seguimento e as coodinacións oportunas para levar a cabo a aplicación da programación. Levantarase acta.
PROENS
O profesorado fará o seguimento da programación a través da aplicación Proens en cada nivel.
Ao remate de cada UD deixarase constancia das datas de inicio e remate previstas inicialmente, así como do número de sesións empregadas para o seu desenvolvemento, do grao de cumprimento, dos resultados, das propostas de mellora e, de habelas, das variacións que tivesen lugar.
AVALIACIÓN
Na memoria de final de curso deixarase constancia dos seguintes puntos:
a) Desvíos entre a programación inicial e a súa aplicación final, facendo propostas de reaxustes.
b) Resultados por UD e trimestre. Analizaranse as hipóteses sobre os motivos dos mellores e peores resultados. De ser relevante, poderanse constrastar co número de sesións adicadas.
c) Resultados das enquisas realizadas para avaliar a práctica docente. Analizaranse os aspectos mellor puntuados, buscando extendelos, así como os que obteñan peor puntuación, co fin de mellorar de cara ao seguinte ano académico. De ser relevante, tomaranse acordos sobre metodoloxía, temporalización, recursos, etc.

Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Alén diso, tivéronse en conta as propostas de mellora existentes na memoria do curso anterior.
A estrutura da PD inclúe os apartados que recolle a Resolución do 26 de maio de 2022 que se expresan a seguir:
-Introdución
-Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias
-Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, e que conteñen a parte do currículo da materia que se traballou e a relación dos instrumentos de avaliación.

-Metodoloxía, coas concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos
-A avaliación, que refire o procedemento para a avaliación inicial, os criterios de cualificación coa indicación do mínimo de consecución para superar a materia
-Medidas de atención á diversidade
-A concreción dos elementos transversais
-As actividades complementarias
-A práctica docente, que inclúe o procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro e o procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da propia programación didáctica

En previsión de calquera circunstancia imprevista, tipo COVID ou outras, achegaríase unha addenda coas correspondentes modificacións, basicamente en canto a modificación da metodoloxía e dos indicadores de logro mínimos por se fose necesaria unha atención virtual do alumnado.

Rematado o curso, para proceder a unha avaliación, revisión e propostas de mellora da PD, débense considerar os seguintes apartados:
-A programación entregouse no prazo establecido normativamente.
-O desenvolvemento da programación didáctica foi analizado e revisado na última reunión de departamento de cada trimestre.
-Valorouse o grao de cumprimento da secuenciación e temporalización das respectivas unidades didácticas, e se o seu deseño se axustou aos distintos elementos do currículo.
-Valorouse a metodoloxía seguida e se os materiais e recursos didácticos empregados deron os resultados previstos.
-En canto á avaliación, analizouse se o deseño das probas de avaliación inicial e os mecanismos para a súa realización foron os adecuados.
-Así mesmo, valorouse se os criterios de avaliación, tanto os establecidos para as distintas recuperacións de probas ou avaliacións como os seguidos para a avaliación final foron os axeitados.
-Revisáronse as medidas adoptadas a respecto do alumnado NEAE presente nas aulas.
-Valorouse a pertinencia dos distintos elementos transversais e o grao de cumprimento e participación en actividades complementarias.
-Analizouse se os mecanismos de información ás familias estaban dando os resultados previstos e se foron útiles e axeitados.
-Incluíuse a avaliación da práctica docente e da propia PD.

Para levar a cabo esta análise e comprobación da adecuada aplicación da PD, elaboráronse os seguintes indicadores de logro, que deberán ir acompañados das correspondentes puntuacións nunha táboa de 1 a 5.
1. Conseguise acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.
2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.
3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.
4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.
5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.
6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.
7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (seguindo os protocolos de actuación correspondentes).
8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.
9. A materia contribuíu aos distintos plans do centro: PLC, Plan lector, TIC, Convivencia....
10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.
11. Avaliouse o cumprimento da PD aplicando unha escala de 1 a 5 .
12. Establecéronse propostas para emendar as deficiencias observadas na aplicación da PD.
13. Estas propostas foron incluídas na memoria final do departamento.

## 9. Outros apartados